

Outras orientacións para a proba de Lingua galega e literatura II

Prezadas e prezados colegas,

O obxectivo desta circular é dar resposta a algunhas das dúbidas formuladas polo profesorado sobre a proba desta materia na vindeira ABAU.

En primeiro lugar, queremos facer unhas reflexións sobre as directrices da nova lei. Os novos currículos nados da LOMLOE baséanse na potenciación da aprendizaxe por competencias; en consecuencia, debe evitarse, por parte do alumnado, a memorización descontextualizada dun tema ou dun conxunto de características, autoras ou autores e obras. Como xa se viña facendo, as preguntas da proba ABAU agora referidas ás Linguas e os seus falantes e á Educación literaria non se abordarán por temas, senón que se partirá dun estímulo (documento, imaxe, gráfica, viñeta, mapa, texto...) para que o alumnado realice unha análise sobre el, evitando sempre a reprodución memorística e utilizando os coñecementos sobre a historia da lingua, a sociolingüística e a historia da literatura para comentar os estímulos. No Bloque 1 (As linguas e os seus falantes) estes serán recollidos da realidade actual, se ben haberá que contextualizalos sociohistoricamente para pór de relevo a relación continua entre o pasado e o presente. Na proba de ABAU perséguese que o alumnado se sirva dos contidos (saberes básicos) aprendidos ao longo do curso para a construción do seu propio discurso a partir da análise dun estímulo.

No que respecta á elaboración dunha lista de temas, o decreto establece:

A concreción curricular é o marco que establece o claustro de profesorado cos criterios e as decisións para orientar o desenvolvemento do currículo por parte do profesorado e a coordinación interdisciplinaria por parte dos órganos de coordinación didáctica, para garantir a coherencia na actuación docente. (artigo 16).

Daquela, non é competencia deste grupo elaborar temarios para segundo de Bacharelato alén do que se pode derivar da análise do Decreto. Isto é válido tanto para o temario de lingua (“A lingua e os seus falantes”, “Comunicación”, “Reflexión sobre a lingua”) coma para o de literatura (“Educación literaria”).

Coméntanse a seguir algúns aspectos concretos.

Na pregunta 3 (Bloque 4. Reflexións sobre a lingua), no que respecta á análise sintáctica, no decreto figura como contido a “distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta)”. Non se pedirá unha representación sintáctica.

Na pregunta 4 (Bloque 1. A lingua e os seus falantes) é onde se sitúan os contidos correspondentes á dialectoloxía: “diferenciando os trazos de lingua que responden á diversidade dialectal dos que se corresponden con sociolectos ou rexistros” (CA1). Para poder diferenciar uns e outros é necesario coñecelos previamente.

É neste Bloque onde tamén se localizan os contidos sobre as linguas da Península Ibérica. Con respecto á súa delimitación, no OBX1 concrétese o seguinte:

“Explicar e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do coñecemento da realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica (e, máis concretamente, do portugués, catalán e éuscaro)”.

Destas linguas, terase en conta fundamentalmente o territorio onde se falan (con especial atención á situación das linguas faladas fóra do seu territorio administrativo) e a súa situación sociolingüística.

Estas dúas cuestións axustaranse ao modelo desta parte da proba.

Por último, no que se refire aos criterios de corrección, xa na circular 2 se remitía ás directrices publicadas nas “Orientacións e directrices da materia troncal para a ABAU”, na páxina correspondente da CIUG, que son as seguintes:

Ademais dos contidos de cada pregunta, tamén se terá en conta a corrección lingüística do exame, que se aplicará a todas as preguntas, excepto a 2. Polo tanto, sobre a cualificación global poderase descontar ata un máximo de 2 puntos por erros. Estes poderán ser:

- **Moi graves:** Desconto 0'2 puntos cada un. Solucións alleas ao estándar no nivel morfolóxico e sintáctico, por exemplo o uso de tempos compostos ou a incorrecta colocación dos clíticos. Tamén se considerarán faltas moi graves outro tipo de erros sintácticos, como por exemplo os anacolutos.

- **Graves:** Desconto 0'1 puntos cada un. Solucións alleas ao estándar no nivel léxico, por exemplo o emprego de formas como **silla*, **hasta* ou **random...* Tamén se considerará falta grave a incorrecta acentuación diacrítica.

- **Leves:** Desconto 0'05 puntos cada un. Solucións ortográficas contrarias ao estándar vixente (*b/v*, *h*, **ourense*), acentuación non diacrítica, contraccións, etc. Cada dous erros deste tipo descontan, polo tanto, unha décima (0,1).

Unha palabra escrita incorrectamente de forma reiterada só se contabilizará unha vez. Isto non é aplicable á incorrecta colocación dos pronomes, ao emprego de tempos compostos nin á acentuación diacrítica.

Como xa se indicou na última circular, o modelo deste curso seguirá o do pasado. Cómpre ter en conta que os modelos do curso pasado non se axustan aos novos contidos, aínda que se acaba de actualizar na páxina web da CIUG o modelo para o ano 2024. En todo caso, o esquema do modelo será o que se reproduce a seguir (xa indicado na circular 2):

MODELO DE EXAME

Preséntanse seis preguntas, cun valor de 2.5 puntos cada unha, das cales se responderán catro en combinación libre. Mantense neste modelo a presentación dos bloques que se fixo en exames anteriores, malia no Decreto cambiaren na súa denominación e ordenación.

TEXTO DE INICIO (literario ou xornalístico).

BLOQUE 2. Comunicación

- **Pregunta 1. Comprensión do texto**

Está dividida en tres apartados:

1.1. Resumo / esquema / ideas principais e secundarias / intención comunicativa / tema. (0.5 puntos).

1.2. Definición de palabras ou explicación de expresións tiradas do texto (1 punto).

1.3. Recoñecemento de elementos cohesivos. (1 punto).

- Pregunta 2. Producción textual

Redacte un texto baseado nalgún aspecto salientable do texto de inicio (Extensión aprox. 200- 250 palabras) (2,5 puntos).

BLOQUE 4. Reflexión sobre a lingua

- **Pregunta 3.** Preguntarase sempre en contexto, é dicir, sobre elementos do texto de inicio. Esta pregunta estará baseada en cuestións de sintaxe, morfoloxía, semántica, fonética e fonoloxía presentes no currículo, e distribuirase en distintos apartados cun valor total de 2.5 puntos.

BLOQUE 1. As linguas e os seus falantes

- Pregunta 4. Lingua e sociedade

O alumnado debe ser quen de aplicar os conceptos teóricos aprendidos neste bloque á análise dun estímulo, que pode ser unha viñeta, un texto breve, un gráfico etc. Presentaranse 2 opcións para escolleren 1. (Extensión aprox. 250 palabras) (2.5 puntos).

BLOQUE 3. Educación literaria

- Pregunta 5 e pregunta 6. Educación literaria

Cada unha destas preguntas parte dun breve texto literario (narrativo, poético ou teatral), sobre o que o alumnado debe analizar algunhas características representativas do seu autor ou autora. Ademais, preguntarase tamén por algunha información teórica con respecto a ese mesmo período (contextualización, outros autores ou autoras da época e algunha das súas obras etc.). Sempre se facilitará a información sobre o autor/a do texto, así como o título e ano de publicación da obra da que estea extraído. (Extensión aprox. 250 palabras) (2.5 puntos cada unha)

Confiamos en que con estas indicacións quede resolta a substancialidade das dúbidas expostas.

Santiago, 7 de decembro de 2023.

Un saúdo,

Ana Isabel Boullón Agrelo